



Área / Unidad MOVILIDAD URBANA MU1100C SVC	Documento 85117I0124	
 3Z73 4U3J 0A1A 224B 0X9N	Expediente 851/2023/61	
	Fecha 23-05-2023	

En relación coa convocatoria de subvención, visto o informe proposta emitido no Servizo de Mobilidade Urbana da Dirección da Área de Infraestruturas e Mobilidade, dependente da Concellaría de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, e facendo uso das facultades que me foron delegadas pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 28 de xuño do 2019 (BOP núm. 124 do 03.07.2019), ao abeiro do disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, ditei a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Autorizar o gasto de 18.000,00 €, correspondente a convocatoria específica para o mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con mobilidade reducida, imputable á aplicación 30.4412.479.01 do Orzamento Municipal para o exercicio 2023.

Segundo.- Aprobar a convocatoria pública e as bases reguladoras da concesión das devanditas axudas, 85117I0115 (versión galego) e 85117I00PA (versión castelá), que se rexerá polas normas contidas na Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008).

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o extracto da convocatoria, e nas webs municipal e do Servizo de Mobilidade o presente acordo, xunto co texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria e os requisitos que han de reunir as persoas beneficiarias da subvención.

Cuarto.- Encomendar ao Servizo de Mobilidade os trámites necesarios para a xestión deste expediente.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento
Por delegación da Xunta de Goberno Local,
O concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade